

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PORTO DO SON
Edificio	Igrexa de Santo Estevo de Queiruga
Dirección	Lugar da Igrexa, 3. 15998
	42.675760 -9.021651
Protección	
Descrición	<p>A igrexa parroquial de Santo Estevo de Queiruga está datada entre os séculos XII e XVIII, sendo de estilo románico e barroco.</p> <p>De orixe románica, desta época aínda conserva o presbiterio. O resto foi remodelado nos séculos posteriores. Planta de cruz latina con muros de carga co exterior de cantería e cachotería no interior, que sosteñen unha bóveda de canón rebaixada na nave central. Dous arcos de medio punto sobre pilastras dan paso as capelas laterais. O legado románico é evidente na cabeceira onde un arco de medio punto dá paso ao presbiterio, cuberto por bóveda de canón sobre arcos faixóns apoiados en semi-columnas con capiteis e basas ornamentados. No lado do evanxeo está a sacristía, de planta irregular adaptada ao terreo. Os canzorros da cornixa que se conservan na capela maior destacan no exterior, o mesmo que o contraforte correspondente ao arco intermedio. A fachada é posterior, sobre a que vai un campanario de dous corpos, cuberto por cupuliña.</p> <p>No interior consérvase unha importante lápida romana dedicada a Rufinus Seiliensis, que serviu de base do altar ata 1822. Aparecera na praia de Seiras e é de mármore branco en bo estado de conservación.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	02-03-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor.	BLANCO RUCABADO, FRANCISCO ANTONIO	1785	60	125

Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>LISTE VILLANUEVA, JOSÉ</u> <u>(PARROQUIA DE ORAZO)</u>	1897	76	255
------------------	---------------	--	------	----	------------

Información completa: [Igrexa de Santo Estevo de Queiruga - PORTO DO SON \(GALICIA\)](#)

PDF (27-06-2026)